GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DEL INTERIOR
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO MEMORIAL DE LAS VÍCTIMAS DEL TERRORISMO
FUNDACIÓN VÍCTIMAS DEL TERRORISMO

# A RADICALIZACIÓN VIOLENTA

UNIDADE DIDÁCTICA PARA PSICOLOXÍA

**2° BACHARELATO**



**PROXECTO EDUCATIVO “MEMORIA E PREVENCIÓN DO TERRORISMO”**
**UNIDADE DIDÁCTICA Nº 6**

**EDITA**

Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do Terrorismo. Ministerio do Interior

Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial. Ministerio de Educación e Formación Profesional

Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo

Fundación Víctimas del Terrorismo

**TEXTOS**

Manuel Moyano Pacheco

**DESEÑO**

Dr. Drumen

**TRADUCIÓN**

Xoel Rodríguez Martínez

**FOTOGRAFÍAS**

Fidel Raso

FreeImages

Guilford Press

Pexels

Pixabay

Fotografía de cuberta:
David Mark, Pixabay

NIPO M. Interior: 126-20-073-2

NIPO M. de Educación e Formación Profesional: 847-20-236-2




*Fidel Raso*



# ÍNDICE

04 **Sesión 01. Caracterización da radicalización**

Delimitacións conceptuais

Mitos sobre a radicalización

Desafíos da investigación científica

A avaliación psicolóxica da radicalización

Actividade. Estudos de caso

10 **Sesión 02. Os tres piares da radicalización**

Necesidades

Narrativa

Redes

Implicacións prácticas

Actividade. Análise dunha entrevista

18 **Sesión 03. Claves psicolóxicas do grupo terrorista**

Niveis de análise

O papel do grupo

Conceptos fundamentais

A metáfora da pirámide

Factores que determinan a violencia

Abuso psicolóxico e manipulación

Vulnerabilidades das organizacións terroristas

Actividade. Análise dunha canción

Actividade. Debate

28 **Sesion 04. Unha sociedade resiliente ao extremismo violento**

De que falamos cando falamos de resiliencia?

Niveis de prevención

Canles de transmisión

Detección temperá

Que podemos facer para axudar persoas en risco?

Actividade. Cinefórum

42 **Para saber máis**

45 **Orientacións para traballar os materiais**

O proxecto educativo «Memoria e prevención do terrorismo» está conformado por unha serie de unidades didácticas que tratan o tema do terrorismo desde as materias de Xeografía e Historia, Psicoloxía, Historia do Mundo Contemporáneo, Filosofía e Valores Éticos.

Esta unidade é un recurso completo que o profesorado pode utilizar na aula, xa que dispón do contido que se debe desenvolver en cada unha das sesións proxectadas e da aplicación didáctica final, tal e como se incluirían nun libro de texto e sen realizar modificacións dentro da programación da materia.

# SESIÓN 01

# CARACTERIZACIÓN DA RADICALIZACIÓN



Pixabay

A radicalización violenta de individuos e grupos constitúe un problema que afecta a seguridade, a convivencia e a cohesión social. Así mesmo, a violencia política e o terrorismo que se poden derivar da devandita radicalización xeran sufrimento e inestabilidade en numerosos escenarios do planeta. Con todo, adoitamos enfocar o fenómeno cunha perspectiva local e deformada que impide apreciar a súa magnitude real ao longo e ancho do mundo.

Nesta primeira sesión consideramos necesario delimitar conceptualmente algúns termos, romper mitos existentes e analizar os fundamentos psicolóxicos que levan a unha persoa radicalizarse. Aínda que esta temática se abordou desde diferentes áreas, a psicoloxía social é unha das disciplinas que máis achegas ten realizado para mellorar a súa comprensión.

## DELIMITACIÓNS CONCEPTUAIS

A terminoloxía asociada á radicalización é complexa, sensible e moi debatida. De feito, os investigadores e profesionais atopan difícil asumir criterios universais e unificar perspectivas que teñan en conta os aspectos científicos, legais, políticos e culturais do fenómeno. A pesar diso, a continuación trataremos de acoutar algúns dos conceptos fundamentais:

### EXTREMISMO

Fai referencia á tendencia de actos ou de comportamentos que se consideran fóra da norma, afastados do que a maioría da xente considera correcto ou razoable. Obviamente, isto é algo subxectivo e dependente da cultura, xa que algo será considerará «extremista» en función dun grupo, cultura ou ideoloxía de referencia.

### EXTREMISMO VIOLENTO

Refírese ás actitudes e comportamentos que apoian ou usan a violencia para lograr obxectivos ideolóxicos, xeralmente de carácter político ou relixioso. Isto inclúe o terrorismo e outras formas de violencia política. Xeralmente, o extremismo violento identifica un hipotético inimigo que é obxecto de odio, deshumanización e violencia.

### RADICALIZACIÓN

É un proceso onde se incrementa gradualmente o compromiso cara a unha ideoloxía extremista. Este compromiso pode chegar ao extremo de lexitimar o uso da violencia e mesmo executala. Desde un punto de vista preventivo, é fundamental poñer o foco no proceso de radicalización.

### TERRORISMO

É un tipo de violencia política que utiliza o terror e amedrenta coa finalidade de conseguir os seus obxectivos.

### RESILIENCIA

É a capacidade dun individuo ou sociedade para superar desafíos que teñen un impacto negativo no seu benestar e/ou estabilidade. No contexto do extremismo violento, isto implicaría a capacidade de resistir e contrarrestar puntos de vista e opinións que lexitiman o odio e o uso da violencia. Desenvolver este factor protector na sociedade, en xeral, e nos mozos, en particular, é un obxectivo prioritario.

## MITOS SOBRE A RADICALIZACIÓN

Ao longo dos anos estendéronse determinadas formulacións erradas que en ocasións dificultan a comprensión apropiada do proceso de radicalización. A continuación examínanse algúns mitos co fin de desmontalos, ou polo menos, matizalos:

### NON EXISTE UN ÚNICO PERFIL

Tradicionalmente, foi habitual recompilar datos sobre radicais e terroristas co fin de establecer un perfil típico. Porén, podemos dicir que existe unha gran variedade de perfís.

### NON EXISTE UNHA ÚNICA RAÍZ CAUSAL

Tamén se tratou de relacionar a radicalización con «raíces causais» como a pobreza, a educación ou a psicopatoloxía. A pesar diso, tampouco se pode soster que exista un único factor que contribúa, senón que existen múltiples factores. A radicalización é un proceso con múltiples factores que se produce debido á interacción entre varios que poderían considerarse de risco e/ou protección. É un reto para os investigadores coñecelos en maior medida, xa que desta forma, teremos un coñecemento baseado na evidencia para poder implantar accións preventivas.

### OS TRASTORNOS MENTAIS NON EXPLICAN A RADICALIZACIÓN

Foi bastante habitual referirse a radicais e terroristas como uns «tolos». Durante anos vinculouse os terroristas con algún tipo de trastorno mental. Algúns trastornos de personalidade como a sociopatía ou o narcisismo foron usualmente propostos como causa subxacente. Pero a realidade é que o apoio científico a esta formulación é limitado: aínda que a psicopatoloxía pode ser un factor que contribúa, todo apunta a que non é o único factor nin o máis importante.



*Pixabay*

## DESAFÍOS DA INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA

A radicalización e o terrorismo representan ameazas e riscos para a seguridade e a cohesión social que deben ser xestionadas. Para iso, é necesario desenvolver investigación científica que permita fundamentar as decisións. Aínda que nos últimos anos se produciron moitos avances, seguen existindo algunhas dificultades neste ámbito de estudo (Moyano, 2019). A continuación coméntanse algunhas delas:

### EXISTENCIA DE MÚLTIPLES TEORÍAS

Existen numerosos modelos teóricos que trataron de explicar a psicoloxía da radicalización terrorista, pero en demasiadas ocasións estes modelos propuxéronse sen partir de evidencias empíricas que os avalaran. Sería recomendable desenvolver aproximacións empíricas que aposten por unha ciencia acumulativa que evite a especulación.

### DIFICULTADES CONCEPTUAIS

A radicalización terrorista é un problema social controvertido. En moitas ocasións non hai acordo sobre as definicións conceptuais entre os propios investigadores. Este feito leva consigo dificultades adicionais vinculadas á definición e avaliación das variables obxecto de estudo.

### DIFICULTADE PARA OBTER DATOS EMPÍRICOS

Obter datos para avaliar os aspectos psicolóxicos do terrorismo non é doado. En ocasións, isto require viaxar a zonas de conflito ou superar interminables dificultades administrativas. Así mesmo, a falta de colaboración que en ocasións poden mostrar radicais e terroristas pode ser outra importante traba para realizar aproximacións empíricas ao fenómeno.



## A AVALIACIÓN PSICOLÓXICA DA RADICALIZACIÓN

Nos últimos anos desenvolvéronse diferentes instrumentos que permiten valorar a disposición das persoas para xustificar ou utilizar a violencia política e o terrorismo. Isto pode ser útil para: (1) valorar indicadores de risco; (2) tomar decisións de carácter aplicado (por exemplo, en execución penal) e (3) realizar investigacións co obxectivo de analizar a intención radical en relación con outros factores de risco e protección.

Na táboa 1 preséntase, a modo de exemplo, a Escala de Violencia Política, desenvolta por Bélanger *et al.* (2019). Como se pode apreciar, este instrumento é unha escala breve que consta de seis ítem onde se valora o grao de simpatía e adhesión á violencia política.

| | | Nada de acordo | Moi pouco de acordo | Lixeiramente de acordo | Moderadamente de acordo | De acordo na súa maioría | Moi de acordo | Totalmente de acordo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Cando se usa a violencia para promover unha causa xusta, calquera pode ser danado | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 2 | A violencia é necesaria para o cambio social | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 3 | É aceptable tomar represalias contra alguén que insulte os meus valores e crenzas | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 4 | Nunca consideraría a violencia física como unha causa xusta (R) | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 5 | Nunca deberiamos usar a violencia como unha forma de tentar cambiar a sociedade (R) | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 6 | Hai formas efectivas de cambiar a sociedade, ademais de recorrer á violencia (R) | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |

(R) = Os ítem están en dirección contraria á construción teórica, polo que deben ser invertidos antes de realizar os cálculos.

*Táboa 1. Escala de violencia política (Bélanger et al., 2019)*



*FreeImages*

## ACTIVIDADE. ESTUDOS DE CASO

A continuación preséntanse tres historias de vida que exemplifican o proceso de radicalización. Le o texto e trata de responder as seguintes preguntas:

### GUNTER

Gunter ten corenta e seis anos e leva un par de anos desempregado. O seu descontento co sistema non é novo. Desde hai tempo, está implicado activamente nun partido de extrema dereita. Todo se precipitou tras a morte dun mozo alemán nunha liorta con dous inmigrantes. Segundo el, «había que actuar» e, por iso, participou en varias persecucións de estranxeiros. Hai uns días irrompeu ante unhas cámaras de televisión inxuriando os inmigrantes e facendo o saúdo nazi, un delito recollido no Código Penal alemán. Durante varios días, os medios de comunicación fixéronse eco da noticia. En breve terá que declarar ante a xustiza.

### TXEMA

Apenas tiña quince anos. Era un mozo espelido e con inquietudes. Na súa adolescencia todo viraba ao redor da cuadrilla: un grupo de amigos que cada vez estaba implicado con máis intensidade en accións de *kale borroka*. Unha tarde, queimaron varios contedores. Cando a policía ía arrestar a un deles, Txema atacou un *ertzaina* por detrás e deixouno malferido. Aínda que ao principio tivo algúns sentimentos de culpa, reconfortouno ver como o seu grupo de amigos valorara positivamente aquela acción. Case sen darse conta foise implicando no brazo armado de ETA. Deixou os seus estudos para formar parte dun dos comandos. Ao pouco tempo, implicouse nunha acción terrorista que deixou varias vítimas mortais. Actualmente, supera os cincuenta e cinco e segue cumprindo condena. Coa perspectiva dos anos, non pode evitar pensar que desperdiciou a súa vida.

### AHMED

Ahmed vivía nun barrio da periferia de París. Era un mozo de vinte anos, tranquilo e cunha noiva. Con todo, sentía que á súa vida lle faltaba algo. Por aquel entón, comezara a guerra de Siria e o número de combatentes estranxeiros europeos que se estaba incorporando ás filas de Estado Islámico era cada vez maior. No círculo de amigos de Ahmed empezaron a consumir propaganda e a ler revistas con contido xihadista. En 2013, varios dos seus amigos partiron á zona de conflito. Moitos mozos admiraban a mobilización violenta e considerábano algo heroico. Algúns, mesmo chamaban abertamente a axudar os seus «irmáns». Durante varias semanas estivo a meditar se debía, realmente, implicarse nesa causa. Finalmente, tomou unha decisión sen volta atrás. Aínda que quixese volver a casa, practicamente o mesmo día que cruzou a fronteira, o seu compromiso era máis forte que o medo. Hai meses que a súa familia non volveu saber del.

## PARA REFLEXIONAR

Cres que os protagonistas destas historias están «tolos»?

Cres que teñen o mesmo «perfil»?

A súa radicalización foi súbita ou foi un proceso longo no tempo?

Como caracterizarías as ideoloxías que defenden?

Cres que estas ideoloxías poderían defenderse por medios non violentos?

Cres que houbo un único factor que contribuíu á radicalización destas persoas?

# SESIÓN 02

# OS TRES PIARES DA RADICALIZACIÓN



*Pexels*



Historicamente, o estudo da radicalización violenta levouse a cabo dende diversas perspectivas, tales como a psicanálise, a teoría da frustración-agresión, a teoría da aprendizaxe social, aproximacións psicopatolóxicas ou teorías cognitivas. Con todo, ata o momento ningunha teoría puido integrar a complexidade deste fenómeno. Nesta unidade didáctica preséntase o modelo 3N da radicalización, desenvolto por Arie W. Kruglanski e colaboradores (ver unha revisión en Kruglanski, Bélanger e Gunaratna, 2019).

O modelo 3N ten algunhas características que o fan destacar como marco comprensivo. Entre elas, poderiamos citar as seguintes: (1) asume unha visión de múltiples factores do proceso de radicalización; (2) asume que a radicalización é debida fundamentalmente á interacción individuo-grupo; (3) ten implicacións prácticas orientadas a contrarrestar o extremismo violento; e, ademais, (4) achegou evidencias empíricas destacables.

O modelo 3N trata de explicar o proceso de radicalización propoñendo a existencia de tres factores psicosociais que o favorecen. Son os seguintes:

Necesidades *(needs)*, centradas no concepto teórico da procura de significado persoal.

Narrativa *(narrative)*, referida á ideoloxía e á cultura na que o individuo está inmerso.

Rede *(network)*, referida á influencia social da rede do individuo e ás dinámicas grupais.

Estes tres factores psicosociais contribuirían á radicalización de forma dinámica e interactiva.

Na unidade ofrécese unha visión xeral desta prometedora teoría. Para iso descríbense os factores presentes no modelo e, partindo dos seus postulados, propóñense claves para a prevención da radicalización e o abandono da violencia.



*Ales Krivec, Pixabay*

## NECESIDADES

Desde as ciencias sociais expuxéronse numerosas razóns para explicar as motivacións dos terroristas. Algúns destes factores foron a humillación, a inxustiza, a vinganza, a obtención de beneficios económicos, a necesidade de filiación ou a lealdade a un líder. Aínda que aparentemente estes motivos individuais poden parecer variados e sen relación, o modelo 3N sinala que existe un motor común: a procura de significado persoal. O concepto non é novo e parte das ideas dalgúns autores clásicos en psicoloxía (por exemplo, Victor Frankl e Abraham Maslow) que trataron as necesidades humanas. Basicamente, o concepto de significado persoal refírese á necesidade de «importar», ser «alguén», «ser respectado» polos demais, «ser digno de estima». Existirían dúas formas principais de activar a procura de significado:

### PERDA DE SIGNIFICADO

Cando se dan situacións de humillación, deshonra ou vergoña que fan que un individuo ou un grupo se sinta insignificante.

### OPORTUNIDADE DE GAÑAR SIGNIFICADO

Refírese á ganancia de significado que un individuo ou grupo poden obter como resultado de realizar accións terroristas, algo que os convertería en «mártires» ou «heroes».

Desde esta formulación, o proceso de radicalización, a miúdo, comeza con algún tipo de evento que activa a procura de significado persoal. Unha vez que se activa a procura de significado persoal, a persoa comezará examinar os medios dispoñibles para dar resposta á devandita necesidade, incluíndo opcións que, se se dan as circunstancias oportunas, poderían incluír o extremismo violento.

## NARRATIVA

O extremismo violento só será unha opción viable para obter significado persoal se é considerado como un medio lexítimo e eficaz por un determinado colectivo de persoas. Habitualmente, isto ocorre articulado a través dunha narrativa ou ideoloxía que lexitime a violencia. Esta ideoloxía pode variar no seu contido e pode asociarse a diferentes tendencias de carácter relixioso, político ou étnico-nacionalista.

Sexa cal for o contido das devanditas ideoloxías, as mesmas establecen un medio polo que se pode obter significado persoal. Ou noutras palabras, é a propia ideoloxía a que establece que se debe facer para alcanzar o significado persoal, no caso que nos ocupa, xeralmente a través da violencia. Non debemos esquecer que, obviamente, non todas as ideoloxías promoven a violencia. De feito, as ideoloxías adoitan ser habitualmente pacíficas e prosocias.

As ideoloxías extremistas e violentas, á parte de ser relativamente simples e reducionistas, adoitan incluír estes elementos:

Identifican unha inxustiza que se perpetrou contra o grupo.

Adoitan buscar «culpables» sobre os que desprazar a responsabilidade (chibos expiatorios).

Xustifican e lexitiman a violencia como unha resposta axeitada e xusta, algo que facilita a desconexión moral necesaria para executar a violencia.

Perciben os medios prescritos na ideoloxía como mecanismo de ganancia ou restauración de significado persoal.


*Fabricio Macedo, Pixabay*

## REDES

O terceiro compoñente do modelo refírese ás redes sociais e/ou as dinámicas de grupo. O papel do grupo é fundamental, xa que dá validez ás ideoloxías, articula determinadas formas de percibir o mundo e inflúe na motivación das persoas.

Desta forma, a ancoraxe ideolóxica da procura de significado dependerá da norma cultural e do grupo de referencia. Se as normas violentas son predominantes, as persoas tenderán volverse violentas. Desta forma, o grupo admirará e respectará aqueles que cometan violencia ao considerala lexítima e mesmo honorable. Pola contra, se as normas prosociais son as dominantes, as persoas tenderán a ser máis prosociais.



*Thorsten Frenzel, Pixabay*

## IMPLICACIÓNS PRÁCTICAS

Ademais de ser un modelo científico coherente, o modelo 3N proporciona un marco comprensivo de utilidade para profesionais de primeira liña (psicólogos, criminólogos, educadores, traballadores sociais) que interveñen no tratamento do extremismo violento. Partindo dos tres elementos do modelo, poderíanse derivarse algunhas recomendacións para previr a radicalización e facilitar a desmobilización de terroristas. A continuación son descritas de maneira sucinta:

### RESTAURACIÓN DO EQUILIBRIO MOTIVACIONAL

Para afastar os individuos do extremismo violento é necesario abordar o desequilibrio motivacional que nun momento dado puido facer que se interesasen polo mesmo. Pode ser útil ofrecer alternativas vitais e atender dimensións vitais como a seguridade, as ocupacións laborais e as relacións afectivas.

### DESENGANO IDEOLÓXICO

En numerosas ocasións, o abandono do extremismo violento prodúcese cando os individuos se decepcionan coa ideoloxía que o xustifica. Por conseguinte, xerar disonancia e actitudes críticas cara á ideoloxía violenta pode reducir a mobilización violenta.

### REDES ALTERNATIVAS

O papel do grupo é fundamental. Por iso, débense dificultar aqueles lazos sociais que conectan as persoas con outros individuos radicais. Así mesmo, deberíanse fomentar e/ou fortalecer os vínculos con redes sociais máis construtivas.

É importante destacar que as claves propostas poden poñerse en práctica en diferentes niveis de prevención; xa sexa tanto para favorecer a prevención primaria propiamente dita como en accións de rehabilitación que aspiren a desmobilizar as persoas e reintegralas na sociedade.

## ACTIVIDADE. ANÁLISE DUNHA ENTREVISTA

### CINCO PREGUNTAS PARA ARIE W. KRUGLANSKI

Entrevista realizada por Zara Greenbaum en APA Monitor on Psychology (Abril 2019).
Dispoñible en *https://www.apa.org/monitor/2019/04/conversation-kruglanski*

O Dr. Arie W. Kruglanski, membro da APA e distinguido profesor universitario de Psicoloxía na Universidade de Maryland, comezou a súa carreira estudando cognición social motivada. Pero en 2001, tras os ataques do 11 de Setembro, a súa liña de investigación orientouse cara ao terrorismo e a radicalización. En 2005, co apoio do Departamento de Seguridade Nacional, cofundou START, o consorcio nacional para o estudo do terrorismo e as respostas para o seu afrontamento.

**Como evolucionou a súa comprensión dos factores psicolóxicos subxacentes ao extremismo violento?**

No noso traballo en START identificamos tres factores principais: necesidade, narrativa e rede, e mostramos como funcionan xuntos. Cando comezamos a revisar a bibliografía existente vimos que moitos autores destacaban a importancia de motivacións tales como a vinganza, a adoración ao líder, o diñeiro, as vantaxes do «paraíso» ou «o encontro co profeta Mahoma». Cando as examinamos, chegamos á conclusión de que detrás de cada unha delas se atopa unha necesidade universal de procura de significado, importancia e respecto que todo ser humano ten ata certo punto.



*Arie W. Kruglanski. Guilford Press*

A narrativa ideolóxica, a historia que un grupo terrorista conta para xustificar as súas accións, vincula esa procura de significado co extremismo violento. Por exemplo, un extremista islamita pode considerar que vai recibir «recompensas no ceo» por levar a cabo un ataque suicida. Esta narración indícalle que facer de acordo cos valores do grupo para alcanzar significado persoal. Se fas sacrificios por eses valores, o grupo recompensarache con respecto e veneración, outorgándoche así o status dunha celebridade que ten unha importancia significativa. O psiquiatra Marc Sageman xa introducira o papel relevante das redes sociais e deducimos que son importantes porque validan a narrativa. A rede de extremistas con ideas afíns actúa como grupo de referencia da persoa, dispensando respecto como unha recompensa se se actúa segundo os ditados da narrativa. Isto é especialmente importante para unha narrativa que se desvía da sociedade dominante, xustificando a violencia e o asasinato de inocentes. A rede permítelle ás persoas actuar violentamente de acordo coa narrativa.

**Como se aplica este marco a un grupo extremista concreto como os supremacistas brancos?**

Os supremacistas brancos difiren doutros tipos de extremistas violentos na súa ideoloxía. Mentres que outros terroristas poden subscribirse a unha narrativa relixiosa, este grupo considera agravios e inimigos diferentes: o goberno, un grupo minoritario, os refuxiados ou os inmigrantes. Pero

en termos da dinámica subxacente de necesidade, narrativa e rede son similares a outros grupos terroristas.

**Que recomenda que fagan os gobernos para previr o terrorismo?**

A necesidade de significado persoal debe satisfacerse de forma socialmente construtiva. En primeiro lugar, corresponderíalle aos gobernos non facilitar unha perda de significado, algo que se produce se se dan condicións de prexuízo e desigualdade cara a certos grupos. A segunda recomendación é destacar narrativas convincentes, a poder ser, emitidas por comunicadores carismáticos, que promovan formas construtivas de gañar significado. Estas narrativas adoitan ser bastante aceptadas pola audiencia. Un exemplo disto podería ser o discurso inaugural á nación de John F. Kennedy en 1961. Este discurso desafiou e inspirou a mozos a contribuír na sociedade estadounidense. Por último, os gobernos deberían crear movementos nos que as persoas sexan aceptadas, veneradas e respectadas polas súas actividades contra a violencia. Algúns gobernos prefiren poñer todos os seus ovos na cesta militar, policial ou de intelixencia cando se trata de contrarrestar o extremismo. Porén, consideramos que isto é contraproducente, xa que non podes matar unha ideoloxía e non podes reprimir os sentimentos de falta de poder ou humillación das persoas.

**Como poden os gobernos restaurar o significado persoal?**

Como mínimo, deberían facilitarlle ás persoas os medios para obter ocupacións que lles outorguen significado. Por exemplo, brindarlles orientación vocacional e a oportunidade de gañarse a vida. En segundo lugar, crear organizacións que aproveiten o desexo dos mozos de ser idealistas e de facer algo polo seu país. É importante atopar formas de apoiar e alentar ese tipo de cousas porque non hai maior significado que aquel que se orienta ao servizo de valores ou ideas sacras. Os gobernos tamén deben promover o idealismo entre os mozos e organizar actividades de voluntariado que canalicen o seu desexo de importancia nunha dirección prosocial e construtiva. Debido a que a motivación para o significado é tan frecuente e tan fundamental, as intervencións deben ser de amplo alcance e encarnar un enfoque de toda a sociedade, desde a escola infantil en diante. Un bo exemplo é o modelo de Aarhus en Dinamarca, dirixido polo psicólogo Preben Bertelsen, que ofrece asesoramento e apoio a mozos co fin de previr o terrorismo autóctono.

**Que preguntas persisten hoxe en día sobre o terrorismo e a radicalización?**

A pregunta principal é como traducir todas estas ideas, que agora se basean nun traballo de investigación moi extenso, en mellores prácticas. As comunidades, os sistemas educativos e os responsables políticos necesitan ferramentas e capacitación baseadas nesta investigación. Isto non o poden facer soamente os psicólogos; require dunha política gobernamental que sexa consciente da ameaza que representa a radicalización para a sociedade.

## PARA REFLEXIONAR

Arie W. Kruglanski recomenda promover «narrativas convincentes e construtivas que promovan significado persoal». Tratade de buscar algúns exemplos de discursos ou comunicados en líderes políticos ou persoas soadas que desde o voso punto de vista o conseguisen.

A que cres que se refire Kruglanski cando comenta que «non podes matar unha ideoloxía e non podes reprimir os sentimentos de falta de poder ou humillación das persoas»?

Para Kruglanski, o modelo Aarhus é un bo exemplo de boa práctica na abordaxe da radicalización violenta. Esta experiencia, desenvolta na cidade danesa, está especialmente dirixida a individuos altamente radicalizados que poderían ter intención de cometer atentados. O programa é un esforzo colaborativo entre corpos policiais e servizos sociocomunitarios e inclúe diferentes servizos como asesoramento psicolóxico, apoio familiar e orientación profesional. Trata de localizar prácticas similares noutras cidades que abordasen a prevención da radicalización.

Crees que a radicalización e o terrorismo se poden combater só con medidas policiais e militares? Por que?

# SESIÓN 03

# CLAVES PSICOLÓXICAS DO GRUPO TERRORISTA



*Shelagh Murphy, Pexels*



Na sesión anterior examinamos o modelo 3N, que explica a psicoloxía da radicalización como un intento de restaurar ou aumentar o significado persoal. O modelo propón que cando o significado persoal (autoestima, sentido vital) está limitado ou ameazado, os individuos poden tender a buscalo a través de medios alternativos, incluíndo opcións que poderían estar asociadas a causas extremistas. Ademais dese aspecto motivacional, a teoría propón que é fundamental atender a ideoloxía e as dinámicas grupais nas que o individuo está inmerso. Desta forma, eses tres factores (necesidades, narrativa e rede social) contribúen á radicalización de forma dinámica e interactiva. Nesta sesión, analizaremos con máis detalle o papel do grupo no proceso de radicalización, así como algunhas claves psicolóxicas dos grupos e organizacións terroristas.

## NIVEIS DE ANÁLISE

En primeiro lugar, convén distinguir os diferentes niveis de análises habitualmente utilizadas para explicar a radicalización:

### NIVEL SOCIOESTRUTURAL

Refírese ao papel que teñen os aspectos que afectan á radicalización do individuo desde un punto de vista macro. Así, por exemplo, os aspectos políticos, as relacións internacionais ou a economía son factores que en ocasións se teñen utilizado para explicar a radicalización. Con todo, esta perspectiva é limitada, xa que esas variables, por si soas, non explican o feito de que unha persoa estea disposta a lexitimar ou implicarse na violencia.

### NIVEL INDIVIDUAL

É o nivel psicolóxico propiamente dito. Desde este punto de vista asúmese que existen diferentes factores psicolóxicos que poden favorecer en maior grao que as persoas se radicalicen e/ou que nun momento dado estean dispostas a utilizar a violencia.

**NIVEL GRUPAL**

Desde esta perspectiva saliéntase a influencia do contexto social, especialmente o grupo, no proceso de radicalización. Aspectos tales como a influencia social, a comunicación, a persuasión ou o liderado son atendidos neste nivel de análise.

Actualmente, a maioría dos investigadores asume que no proceso de radicalización inflúen estes tres niveles. Con todo, a perspectiva psicosocial é fundamental para comprender como «persoas normais» son capaces de desconectarse moralmente e desinhibirse cara á violencia. Pero, por que é tan importe o grupo?



*Daan Stevens, Pexels*

## O PAPEL DO GRUPO

En xeral, existe certo consenso en que o grupo social de referencia desempeña un importante papel nos procesos de radicalización.

A pertenza (real ou percibida) a un grupo radical ou a unha organización terrorista pode cubrir certas necesidades vitais (significado, sentido de pertenza). Por outra banda, o feito de estar inmerso no grupo pode inhibir psicoloxicamente as persoas da comisión de posibles actos violentos.

A investigación suxire que en máis de dous terzos dos casos os individuos se uniron a grupos violentos a través dalgún familiar, amigo ou persoa da súa contorna que previamente xa estaba asociada ao grupo violento. Esta vinculación pódese producir por interaccións persoais cara a cara, pero tamén pode ocorrer virtualmente a través de Internet. Progresivamente, iranse forxando fortes lazos e é habitual que o grupo extremista substitúa a familia e as redes de amizade preexistentes. Así, canto máis tempo pasa o individuo co grupo, maior probabilidade de que teña un papel activo no mesmo.

## CONCEPTOS FUNDAMENTAIS

Existen diversos tipos de organizacións terroristas, as cales poden variar en función dos seus obxectivos, ideoloxía, estrutura, tamaño ou fluxos de comunicación. Máis aló destas tipoloxías, existen unha serie de elementos con implicacións grupais que adoitan ser comúns á maioría delas. Especificamente, faremos mención ao recrutamento, a cohesión e o liderado.

### RECRUTAMENTO

É o proceso de captación e vinculación de persoas ao grupo. Polo xeral, esta vinculación é un proceso e adoita producirse progresivamente. Con todo, tamén se pode dar de forma rápida e aparentemente brusca.

### COHESIÓN

Refírese á unión que existe no seo da organización. Esta pódese incrementar debido á existencia de ameazas externas, á penalización das disensións internas e ás dinámicas grupais orientadas a obxectivos.

### LIDERADO

É habitual que nas organizacións terroristas exista unha división de funcións e roles. No caso dos líderes, algunhas das funcións que adoitan desempeñar no seo das organizacións terroristas son: (1) control da comunicación; (2) inspiración ideolóxica; (3) establecemento de obxectivos; (4) asignación de funcións e roles; e (5) mantemento da cohesión interna.



*Amine M'Siouri, Pexels*

## A METÁFORA DA PIRÁMIDE

En ocasións téndese percibir o terrorismo como un problema social no que os protagonistas son exclusivamente os individuos que utilizan a violencia instrumentalmente co fin de defender unha causa. Con todo, esa visión é limitada.

Desde un punto de vista grupal, é importante facer referencia á metáfora piramidal.

Desde esta perspectiva, un movemento social podería representarse en forma de pirámide en cuxa base estarían seguidores, simpatizantes e activistas. A continuación, situaríanse os radicais. E no cumio da pirámide situaríanse os individuos motivados, desinhibidos e dispostos a actuar violentamente. Xeralmente, ese pico da pirámide sería unha minoría que, con todo, estaría apoiada e lexitimada por un colectivo maior.

Como podemos apreciar, este modelo representa o terrorismo cunha maior amplitude de miras, salientando o papel que teñen as bases de apoio para lexitimar e servir de canteira de recrutamento. As implicacións grupais e colectivas desta perspectiva son importantes, xa que suxire que o antiterrorismo se debe focalizar non só no cumio da pirámide, senón tamén na base, onde se deberían implantar medidas proactivas que incidan en menoscabar o apoio social dos terroristas.



## FACTORES QUE DETERMINAN A VIOLENCIA

Desde a investigación psicosocial evidenciouse a importancia dos factores grupais ou de situación no comportamento (ver cadro 1). No ámbito da radicalización violenta propuxéronse algúns factores especialmente relevantes entre os que poderiamos citar a identidade social, a obediencia e a desindividuación.

### IDENTIDADE SOCIAL

Desde este punto de vista, os procesos de radicalización prodúcense debido a categorizacións sociais que acentúan as diferenzas e provocan comparacións entre grupos. Esas comparacións levan á polarización e á creación de estereotipos e prexuízos, os cales están na base do conflito intergrupal. En ocasións, a identidade persoal e a identidade social poden chegar a ser equivalentes, denominándose este fenómeno como fusión da identidade. Este mecanismo pode contribuír á disposición violenta por un grupo.

### OBEDIENCIA

Prodúcese cando as persoas trasladan a súa moral cara a autoridades externas que supoñen lexítimas. Poderiamos citar numerosos exemplos históricos de violencia política nos que as persoas se exoneran de responsabilidade argumentando que, simplemente, «cumprían ordes». Este mecanismo psicolóxico interesoulle en gran medida á psicoloxía social, e é imprescindible citar os traballos de Stanley Milgram (ver cadro 1).

### DESINDIVIDUACIÓN

É a perda do sentido da identidade persoal que se pode producir cando unha persoa pasa a formar parte dun grupo. A asunción de normas e valores do grupo, así como o anonimato e a protección que ofrece o colectivo, pode desinhibir o comportamento e facilitar condutas que doutra forma se sería incapaz de realizar. O grao de desindividuación vai depender de variables como o tamaño do grupo, o anonimato, a emoción que suscite a actividade do grupo e o tipo de valores que teña.

## CADRO 1

